

PREGUNTAS FRECUENTES

1.- Quen redacta e quen aproba o plan?

O Plan redáctao unha empresa contratada polo Concello. O Pleno da Corporación aproba inicialmente o Plan e o expón ao público para que os cidadáns podan presentar alegacións. Esas alegacións son estudadas polos técnicos que valoran cales deben ser aceptadas e cales non. O Pleno aproba ou rexeita as alegacións, e aproba o plan de novo cos cambios aceptados. Esta é a aprobación provisional.. Ese Plan envíase á Xunta que ten a última palabra coa aprobación definitiva.

2.- Que pasa se a Xunta non acepta o Plan Provisional aprobado polo Concello?.

O Plan ten que modificarse para que a Xunta o aprobe definitivamente. O Plan sempre será o que queira a Xunta.

3.- Se a Xunta non acepta o Plan, que cambios se fan, e quen os fai?

Cando a Xunta non acepta o Plan, dita unha resolución indicando que ha que facer. No noso caso eses cambios figuran na orde da Xunta, no que obrigou a cambiar o Plan en todos os barrios e parroquias. Os cambios que impón a Xunta fainos a empresa contratada para redactar o Plan.

4.- Pode o Concello discutir ou non aceptar os cambios impostos pola Xunta?.

Non, senón se fan os cambios esixidos pola Xunta, esta non aprobará o PXOM definitivamente, e Ponteareas seguirá sen Plan de maneira indefinida.

5.- Hai que facer unha nova exposición pública para alegacións do Plan modificado por orde de Xunta?.

Non. A exposición pública faise entre a aprobación inicial e a aprobación provisional. Cando a Xunta denega a aprobación dun Plan, non hai outra solución que adaptalo ao que a Xunta quere. Abrir unha fase de alegacións non tería sentido nin valería para nada, porque as esixencias e os cambios da Xunta non se poden alegar nin modificar.

6.- É posible subsanar erros no Plan modificado coa esixencias da Xunta?

O Concello pode revisar o plan modificado segundo o imposto pola Xunta e corrixir erros técnicos que sexan subsanables se non alteran o requirido e esixido pola Administración autonómica.

7.- Que debe facer agora o Concello ?.

Revisar os erros técnicos que poda ter o Plan modificado por orde da Xunta, aprobar ese Plan no Pleno e enviar o Plan á Xunta para que o aprobe definitivamente.

8.- Que prazo ten a Xunta para aprobar o PXOM definitivamente?

Unha vez que reciba o Plan modificado aprobado polo Pleno, a Xunta dispón de 3 meses para aprobar definitivamente o PXOM.